

REXURDIMENTO

REVISTA QUINCENAL

ÓRGÃO DOS INTERESES MARIÑAS

ANO I.

Betanzos, 1.^º d'Agosto do 1922.

NÚM. I.

Rexurdimento

O rexurdimento literario galego d'estes derradeiros tempos amóstrase nas moitas publicaciós que saen a poboar, con verdadeira ardencia, as vilas do chan noso. Non só son os xornaes, revistas, obras literarias de todolosxeitose deica traballois didáiticoss os que xurden n'unha e n'outra banda da Terra; tamén o pobo en xeral, i-a mocidade en particular, fuxe d'un noxento abulismo que o tivo escravizado tan longo tempo. E as gabanzas meifandes hémolas dar a unha inquedante xuventude, que, amargurada pol-a nosa escravitu moral, rachóu as cadeias do rutinarismo, e, cheios de rexa vontade, abriron as aas das suas arelas pra dar cume a unha leda aurora, agoirenta d'unha escintilante mañá de Primaveira.

Non podía ficar Betanzos á derradeira do gran movimiento espiritual de Galizá, a cidade que outrora amparou sauros ideaes; más seus fillos, polo d'agora, non parecían ouvir o espertar da Terra. Emporiso, unhas almas humildes e xenerosas tremolaban no ar da esperanza a bandeira das suas meirandes ilusiós, e agardaban, con arelas ardentes, que na comarca mariñá aparecese un Prometeo que esmagara c'a sua potente mao a perquiza esmorecente, e ainda que non constituise unha nova civilización, coma o

deus mitolóxico, fixera ver, cando menos, unha nova fase nos ideaes dos homes mariñás.

As esperanzas d'ollar un xenio que nos guiasse iban sendos vâs, e, d'aquela, surxiú d'us modestos idealistas a empresa de constituir un xornal ou boletín, qu'indá cativo, polo valer dos organizadores, fose grande polo corazón dos mesmos. D'iste xeito, pensouse en eispoñer con sinxeleza e con cariño

toda canta nova houbera encol do rexurdimento da Galiza para qu'os da comarca poideran ser decote enterados.

¡Hulas, pois, aquí, as nosas ideas!

Ficaremos a cotio a carán do movemento social e intelectual de Galiza, e defenderemos deica a morte, os intereses materiaes e morales de Betanzos e da Mariña.

Nos non somos os millores, os feitos adrede para istes trafegos. Sô se nos pode dar o mérito de selos primeiros. E si con estas roladas nosas facemos sair da desocupación ós que valen máis que nós, ficaremos ditosos e cheios de ledicia: abondará para nosa satisfacción que cumplan ben

OS IRMÁUS DE BETANZOS

¡Fé e vontade!

A hora na que os galegos, de ollos abertos cara ó alén, se xunten en feixe pra cantar o trunfo da Terra, a hora sagra do milagre da Renacencia, a nosa hora, está ó cair.

¡Fé e vontade!

Chamade os irmáus labregos,—a carne o hoso e o sangue da Patria galega—e decidelle somentes: «Nada tedes que faguer. Para ser libres non tedes mais que querer. A hora está ó cair.»

¡Fé e vontade!

Malia que se coiden fortes, os caciques están dando as boqueadas. Cairán apodrecidos, os corpos e os nomes cheos de vermes, por treidores á Terra-nai.

Anda no ceo unha estrela con rabo.

Os tempos son chegados. Todo se virá abaixo e surdirá de novo a Patria, en canto zoe a hora que está ó cair.

R. Cabanillas.

c'o pobo e c'os seus intereses.

NOVA LUZ

Unha nova folla, y-esquirta en galego, é unha nova luz no noso pobo. Galiza, por mor de culpas propias e de cubizas alleas, vivia

entrás brétemas d'unha noite muito escura. Noite d'esquecemento, noite sin remersos, porque Galiza xa non era Galiza: fora perdendo paseniñamente, pro d'un xeito inapracabre, a sua persoalidade, a sua autoconciencia.

E de súpeto alborexou unha luz entrás brétemas mestas, un poeta, que cantou na lingua lírica do Rei Sabio e na lingua fecunda d'os aldeáns. E logo xurdíu outro poeta. E mais tarde outro e outro. O ceño da nosa espranza veuse, pouco a pouco, ateigado d'estrelas lucentes, qu'escintilaban ao lonxe, coma un surrir de pensires ledos.

E hoxe xa o ceño da nosa espranza ten moitas estrelas lucentes: pequerrechas e homildosas, moitas d'elas; solermiñas e brinca-deiras, algunhas, lanzales e xurdías, unhas poucas.

Por iso esta nova folla, esquirta na nosa lingua, é unha estrela mais no ceño da nosa espranza. Quer decir que na nosa concuencia coleutiva hai un fato máis de concencias individuás que sinten a chamada da Terra-Nai. ¡Da Terra! ¡Qué é o canto da cotovía, e o chirriar dos carros nas congostras, e o fumegar das chimeneias, e o arrecender dos piñeiraes, e o balbordo das ardentias do mar lonxano! E tamén a bágoa das nosas naicínas, e a "surrisa d'aquela loira rapaza, y-esta sede inquedante da nosa raza, que chamamos Saudade!

Unha nova luz quer decir, tamén, moitas novas luces: moitos curazós de mozos, accesos no sagro amor á Terra. Mozos d'aqueles que teñen *unha estrela na frente e no bico un cantar*.

A estrela na frente ven sendo o símbolo da pureza dos pensamentos e da homildeza no traballo coleutivo. O cantar no bico é o símbolo da ledicia d'os que teñen os pensamentos craros e o curazón limpo de todo sentimento ruiño.

Pois xa vedes si con esta nova luz de hoxe dánsevos cousas a vosotros, leutores: mocedad, pensamentos puros e cristaiños, limpeza de curazón.

Mais se non podería dar n'ista recollida eucaristía d'os qu'esquirben c'os que leen. «Tomade e xantade: eis a nosa mocedad. Toma de e bebede: eis o noso propio curazón.»

Que sexa sempre limpa e clara esta folla é o que eu desexo arelante. Pro que sempre sexa lumiar acceso e fecha que serva de guieira a os homes d'ise pobo de historia secular.

Jaime Quintanilla.

LIÑAS ABURADAS

Soio o home fortemente dominado pola compenetración e pola identificación total con unha ideia, sexa ista a que sexa, é capaz de chegare aos meirandes sagrefizos, meio axeitado e único polo que posibelmente se pode chegar a abranguer os grandes, resoantes e trascedentes trunfos.

Mais na compenetración e na identificación totaes coa ideia pode acharse, esculcando, unha razón básica, determinante das derivacións posteriores. Eis a razón aludida: o amor.

O amor que, chámese como se chame, é de cote fecundo, trascendente. O amor, qu'enfocado deixa aquilo que por imperativo natural somella recramalo e atraíelo, isto é, a patria, trócase nunha concepción que, como afincada no sinceiro agarimo e na intima intelixenza dos pobos ceibes, todos sin excepción, ten que ser unha concepción fecunda e fructífera.

O nazionalismo e a devandita concepción. Por il ¡oh fecundidade sen exemplo! a terra terá de dare a luz novos pobos: os pobos que hoxe veñen xestando a reaparición da sua persoalidade ceibe e soberán. Por il ¡oh xurdider de un froito por nada superado! a terra enteira terá de chegar a sere como fermoso verxel cultivado pra o vizoso frolicemento de ista pranta: a paz universal.

*
* *

A patria ceibe que os nazolistas cobizamos, pasenxo vaise creando. Millor ainda, xa está creada. O que ocorre é que por encol de illa foi superpoñendo a ruín comenza allea en vil xuntoiro coa ceguedade e a degradación propias, todo unho serie de grosas capas integrados polos prexuicios, a rutina, os noxentos intereses creados, os malsanos tencionamentos alleos i-eisí outras moitas cousas que, abafándca, non deixándo xurdire a teñen como si non esistira, oculta, adormecida, momificada.

O labor a faguere é, pois pesado, traballoso. Mais hai azos, xuventude, fogo de ideal,

PANOS E TECIDOS Casa d'Abarrategui e Bonome

Sánchez Bregua, 3 (Soportás d'a Praza)

BETANZOS

a iso abonda. Trunfaremos. En todolos grandes feitos tivo unha gran participación ista verba: Fe; e ista outra: Vountade.

A nosa tareia, pois, cal decote a de todolos creadores, ten que ser destruire, esnaquizarre. Eisi, soio eisi, poderemos ollar algún dia, que nos tecionamos de acaroare axiña, a resurrección xúrdia da patria trunfante. I-estonces ila terá d'erguérse outiva, serea, trunfadora por encol da mesta confusión de couzas esnaquizadas, feitas poeira, en cuia destrucción ven xermolándose a groria do seu xurdio vencimento.

*
* *

Nós, os galegos, vimos vivindo até agora unha esistencia d'escravos resiliados, conformes coa sua cativeira sorte. Mail-o berro afonto de jarriba os adomercidos! sonou xa.

A tareia redentora escomenzó. Poucos hoxe ainda os que nos amostramos redimidos, mañán seremos lexión. Hai algo en todolos espíritos pol-o que ainda os más cegos e xordos fánse doados aos requerimentos da liberdade.

De abondo temos sabido que o rescate total difízilmente será abranguido por nós. Pro cé os nosos fillos? Iles si que serán os afortuados disfroutadores. N-iles, como dixo o filósoto de ferro, teremos de redimíremos de sermos fillos dos nosos pais. Loitando no presente, asegurémol-a posesión absoluta do porvir, cuio abrente lumioso andan xa a anunciaren assiñas infalibéis qu'endexamáis engañaron.

Ramón Villar Ponte.

Novas locaes

O día 16, coincidindo c'a festa de San Roque, poñerése a primeira pedra pr'o compoñemento da rúa de San Francisco, cuio importe abona o señor don Gonzalo González. Iste desprendimento tan dino de gabanza debe espertar a gratitudade de todolos brigantinos. Nós, cheios de ledicia, manifestámolle ó dito señor o agarimo que siente o noso curazón pr'os fillos de Betanzos que non esquecen as necesidades do seu pobo.

O humilde agradecemento que nós sentimos por obra tan simpática, queremos, no que vale, fique eisposto n'este xornal, que decote s'ha distinguir por defender os intereses de Betanzos.

A rúa trocará o seu nome actual pol-o de «Ana González» e, segúñ nos informaron, virá a ser unha vía elegante que estenderáse dende o Arco do Ponte Novo, ou Porta das Doncelas, deica a Egrexa de Santa María.

Na colocación da primeira pedra faráse uso d'un-

ha artística paleta de prata, na que se ve unha sendida adicatoria ó Excmo. Auntamento. Foi esta unha nova atención do señor González qu'espertou moitas gabanzas. O Concello, pol-a sua parte, pensa corresponder a tanta delicadeza c'o ofrecimento d'unha feituca praca de prata que levará, grabadas, as firmas de todolos que constituyen a Excmo Corporazón.

No comenzo e no remate da rúa poranxe sendas lápidas de mármore c'o novo nome da vía.

Na simpática festa de que vimos tratando, bendicirá a obra o bispo da cidade do Sagramento, para cuia práctica pidéuse autorizazón ó Prelado de Compostela.

O Auntamento acordou donar 1.000 pesetas para costear as próximas festas de San Roque.

C'o mesmo fin, unha entusiasta mocedade, saliu a recorrer o pobo, adequirindo unha importante suma, inda que non tanto como desexáramos todolos entusiastas d'istas festas populares, que son vida e gala da cidade. I-adrede d'isto, temos de decir o que nos extraña a oposición que moitos demostraron non atendendo ás reclamacíos d'unha mocedade entusiasta, que se da conta que Betanzos uon debe ser un pobo morto e sin alegrías. Pra eso xa abonda c'o resto do ano. En fin, nós coidamos que nas festas do vran todos debían botal-a casa pol-a xanela, e deixar a uns cantos abúlicos que ou padecen do estómago ou rabeán coma cas de puro perdido que teñen o gusto. Emporiso, que deixen ós demás nos seus adivertimentos e que se decaten que si eles perderon o humor, ainda vive xente moza, ou pol-o menos ledá, que quer fuxir d'un noxento aburrimiento, a que están condanados decote a vivir aqueles que non saben falar más que mal das diversíos e dos que sans d'esprito e de corpo, lles piden contribución ás eipansiós das xentes conscientes dos intereses do pobo e da saude de todos.

Facía tempo xa que viñera ó chan, esnaquizada unha lápida que o pobo brigantino puxera, agradecido, no balcón da casa de D. Johan García Naveira. Este accidente que, por milagre, non fixo daño a ningún, esqueceuse compretamente, con mágoas de moitos cidadáns. Estos días enterámonos, con satisfacción, que se volverá a pór outra ves, e moi axiña, unha nova lápida na morada do querido filántropo,

Desexamos que se poña mais firme n'esta ocasión evitando d'este xeito, colocar outra terceira, e, sobre todo, impidindo unha posible desgracia,

O Concello acordou poñer na Sala Capitular, á beira do retrato de Portal, as fotografías de D. Jesús e D. Juan G. Naveira, así coma a de D. Gonzalo González, nomeándoos fillos predileitos do Pobo.

A praza d'Arines, logar do meirande esparcemento de Betanzos, vai trocar tamén seu nome actual. Chamaráse d'agora en vante «Praza dos Irmás García Naveira.»

Parécenos acertada a nova disposición. Agora falla que a xente s'acostume, de contado, a darlle o novo nome. Para moitos non s'ha chamar n'un nin n'outro xeito, sinón O Campo.

Sóbor d'isto aconsellamos que se convoque ós

guardias municipais para ilustrarles sóbor das novas denominacións. Así non sucederá o d'outro día: que uns forniteiros dirixiránse a un guardia pra preguntarlle onde s'atopaba á avenida dos irmaos García Naveira, e o municipal encolléu o lombo e dixo que non había sounellante rúa. Si lle dixeran as Cascas!

Temos entendido que moi axiña se vai acuñar o xardín de frente ó Liceo. Xa era hora.

Emporiso, debemos ficar ledos, pois estamos enterrados que o intelixente arquiteito da Cruña, Sr. G. Villar, fixo un proiecto moi bonito, e soio falla co-menzel-as obras.

O Concello solicitou de D. Johan G. Naveira o traslado da estátua que fica na finca chamada «O Pasatempo» e na que figurau el e seu irmao n'un grupo moi artístico.

O moimento ficaría no novo xardín, de que dementes dimos conta.

Moi formosa nos parecería, aboíé, a realización d'esta ideia, e coidamos que non haberá impedimento para que se leve moi axiña á práctica.

Fai poucas datas foi á simpática e progresiva cidade de Lugo unha comisión brigantina, encarregada d'estudiar melloras importantes das que se porían sacar exemplares pr'o noso pobo. A comisión que iba c'o propósito de observar principalmente a cuestión das feiras, quedou maravillada do traballo inmenso a que se someten os gobernantes da cidade do Sagramento.

Os que iban en comisión, representando a Betanzos, eran: o alcalde Sr. Sánchez Díaz, como presidente; os señores Concheiro e Costas, como concellás; os señores Núñez e Peña, pol-o comercio; o señor Méndez, como representante da agricultura, e o Sr. Sánchez (D. Benito) como segredario do Concello.

Os representantes brigantinos viñeron encantados pol-as atencíós recibidas e non fan más que gabar ó culto Alcalde de Lugo que fixo progresar ó pobo que goberna d'un xeito verdadeiramente asombroso.

Moi axiña trocaráse o nome da Porta da Vila pol-o de «Ensanche de Portal».

Pol-o visto d-ista xeira está de moda en poñer novos nomes a todal-as rúas betanceiras.

O día 25 do mes derradeiro, a bordo do vapor «Orcoma» saliu do porto da Cruña, con dirección a Londres, o noso querido amigo Xaquín Peña. Iste culto rapás, cheio d'entusiasmo e consciente do porvir, non se conforma con rematar a sua carreira d'avogado n'un apodrecido ambiente hespañol, e busca unha amplitud d'ourizontes que non pode ser abrangida n'unha das nosas noxentas Universidáis.

Pol-o seu talento e pol-o ambiente en qu'ha vivir non dubidamos que recollerá sazoados froitos de sabencia e alianzará o seu espírito saudoso i-enamorado da Raza.

Tivemos o gusto de nos enterar da moi grata nova de que, no Ferrol, abréuse novamente o púbrico o

comercio do noso amigo, fillo de Betanzos, D. Xesús Paradela.

Sabido é que cando comenzaba a saboreal-os froitos da aitividade e bon acerto que puxera ó s'estabrecer, chegou a desgracia feita fogo, e convirtiu en cinzas i-escombros moitos artigos de valor.

Desexámolle moita sorte e prosperidás ó novo establecemento e enviámoslle ó Sr. Paradela e más a sua dona a manifestación do noso agarimo.

En Bergondo, ese cache das Mariñas feiticeiro e ledo, que o seu paisaxe d'encanto e a suas louras rapanas farno un reuncho do ceo, inaugurouse, fai poucas datas, un cine moi feituco, propiedade do noso querido amigo Luís Ares. Nas sesiós ali celebradas axuntouse moita familia, e sabemos de moitos brigantinos que se propoñen visital-o, contribuindo así a encher ainda máis aquel salón.

Coidamos non ficar trabucados si decimos que a soia exposición dos films non é, precisamente, o que fai á mocidade camiñar tres kilómetros deixa Bergondo. Algo ouvimos decir de si abondan ali os ollos meigos, os talles impecables...

Felicitamos de curazón ó noso bon e querido amigo, e deseñámolle moitas prosperidás i-éisitos.

DE PORTUGAL

Portugal, ise povo aventureiro e nauta por eiscentenza, Isa nazón tan pequena en extensión superficial, é dona da meirande das almas. Isa raza que ten sangue do noso sangue e que está animada por un espírito de parida ideoloxía e iguás facetas sentimentás —pois non en van a seudade, a diviña seudade, é patrimonio común,—apréstase a conmemorar, d'unha maneira dina e nobre, o centenario da independenza do Brasil, ise outro gran pobo d'alem o Atlántico, cheio de xuventude, de poder e de xenio, que si por ley natural sintiu a necesidade de se emancipar de sua nai adourada, non por iso esquenciu un sólo instantante que era fillo da gloriosa Lusitania, latexando sempre aquél corazon mozo, inframado pol-o sol ecuatorial e pol-a manificencia da sua natureza grandiosa, a cand'o da lonxicua nai, todo delicadeza e tenro amore hacia o fillo benamado.

O «raid» aéreo Lisboa-Río Janeiro, levado a cabo polos valentes Sacadura Cabral e Gago Coutinho díños vástagos d'aqueles aventureiros que se chamaron Magalhaes, Bartolomé Díaz, Vasco de Gama, Pedro Alvarez Cabral... e que acaba de resucitar as glorias centenarias d'ise povo; foi un dos homenaxes tributados á antigua colonia. Próxima está a data da partida do Xefe do estado veciño e irmao, portador espiritual da garimosa aperta en que ambos povos arelan confondirse. Mais como mellor quedará demostrado o entrañable afento que se profesan, é ó levar a realidade o subrime proyeuto que surxiu na mente de varios artistas portugueses e brasileiros, consistindo iste en recoller unhas cantas presas da gloriosa terra que alentou fazañas admirables e criou ós grandes homes que as realizaon, a fin de que o Brasil poida tributarlle o homenaxe de que e merecedora tan sagra e fidalga ofrenda. Ista terra, toda espíritu—sin que queipa a paradoxa—sinificará canto Portugal quer decir ó Brasil e será recollida n'aqueles sitios que teñan simbolismo e que recorden ou encerren

tradiciós groriosas. No Porto, de donde ven o nome de Portugal; na quinta de Coimbra, donde tantas bágoas verteu a raíña que cantou Camoens; en Belmon-te, donde nacéu o descobridor do Brasil; en Sernache, berce da indepedenza portuguesa; en Sives, donde veu á lus Vasco de Gama; na praya do Restelo, de donde partiron as spediciós que a humanidade admira; en Vilanova de Gaia; en Balarrosa...

Será gardada nun cofre d'ouro, de feitura de corazón, labrado polos mellores orfebres lusitanos e despois levaráse co ceremonial e a solenidade que require un acto de tal siñificación as praías brasileiras nunha carabela da inolvidable época, arbolando o pabellón das «Quinas», esa groriosa insíña que frotou ao vento con orgullo sober d'Oceano Indico; que acompañó os exploradores que se internaron na África e que alentou sempre o espírito aventureiro da raza. Nada máis sinxelo e conmovedor pode concebirse. Son istas horas de ledicia para os dous pobos que saben estamos con iles en espíritu. Non podemos polo mesmo mostrarnos indiferentes; e da mesma maneira que choramol-as suas tristezas debemos vestir vestir a i-alma co as galas do optimismo tendo fé no esprendente porvir que s'acerca e d'iste xeito podremos participar difilamente da lus de gloria que n'istos momentos alumea a toda Raza.

DÍA DE GALICIA

Pra festexar dinamente a data a que van unidas tantas groriosas tradiciós da raza, todal-as Irmandades nazionalistas galegas i-entidades que defenden a causa galeguista, orgaizaron festiváes e veladas, engalanando as fachadas e salós das suas respetivas casas sociaes. En alhunhas cibdás como Ourense, Ferrol e Santiago a insíña azul e branca aparcíu pendurado en numerosas xanelas. frotando ao vento. Foi un espeitáculo conmovedor.

A Irmandade nazionalista d'iste pobo puxo coladuras e iluminó artística i-espréndidamente a sua casa. O mesmo fixeron nos seus domicilios particulares varios entusiastas irmáos. Que o exemplo cunda e que pro ano próximo as rúas de Betanzos imiten ás de outras cibdades galegas, a fin de que os brigantinos se revelen como dinos sucesores d'aquelles outros rexos i-enxebres, e non den a sensación de pobreza espiritual que oficeron iste ano.

Os tempos son chegados pros bós xenerosos, como dixo o bardo.

NAI E PATREA

Absorto permanece o pensamento cando nos detemos a considerar o que son e representan para nós a Nai e a Patrea. Ainda os nosos beizos non poden gagueriar os nomes tan queridos sin que sintamos na i-alma intensas emociós de cariño. E cando o entendimento quér no afán de definil-o todo, comprehendel-o todo, analizal-o todo, eispresar, de-

linear e representar á mirada ansiosa figuras tan eisclses, o más formoso do lenguaxe parécenos sin cōr, o más belo da Natureza atopámolo sin xeito; porque jah! pódese formar un eispléndido cuadro c'as combinaciós do pincel, amañar grandiosos edificios e definire os más intricados problemas c'a luz qu'emerxe da mente, pero non poderán, nón, perfilarse con absoluta precisión as eisclses figuras da Nai e da Patrea. Nin o más arriscado pintor c'a maravilla dos seus pincéis, nin o más inspirado poeta c'as suas líricas fantasías, poidéranos donar xamáis ideia eisacta da grandiosidade da Patrea nin das eisclsesitús da Nai. Hai cousas que mellor comprende o corazón que a mente. Hai sentimientos profundísimos que fuxen ás sotilezas da intelixenza. I-a Nai i-a Patrea forman parte d'isa categoría. Porque abonda considerar por us instantes o poema dos amores maternais para chegar a conclusión de que non son d'abondo pi'as suas definiciós as vulgares deduciós do human entendimento, i-e preciso arrincarse do mundo material e chegar ó mundo da espiritualidade para ver os perfís e matices no cuadro dos nosos razonamentos.

Falamos do contraste entre as cumes dos montes i-as longas terras chas. Cando vemos as mestas florestas dosnos os eidos, as eistensas e ridentes pradeiras, todo coroado pol-o sombrio verdexar dos pinos, temos de decir: ¡É grande e admirable o planeta que habitámos! Mais inda diriximos os ollos a ises astros de cote rutilantes, moito maiores que ista casa rodante, parécenos d'aquela o noso mundo feio e minúsculo, cheio de soberbias e ambiciós. Pois igual acontece cando establecemos relaciós de parecido entre as cousas do querer.

No amor human hai decote un pouco d'egoísmo: na tranquila placidez dos amores idílicos, nas eispansiós de tenrura, nos transportes de placer, cando douz seres de distinto sexo, na frorescencia da mocedad, contémpranse mútuamente, e os seus beizos din borboiantes verbas d'eisaltado erotismo. Hai en todo esto, repito, un comenzo de particular interés, con miras ó propio benestar e á satisfaición propia. Mais non sucede así no amor que á nai i-a patria lle temos. A primeira ten para nós suas más tenras surrisas, seus más fondos agarimos. Cando nenos, arrólanos no seu colo con indefinible ledicia, vélámos no sono e danos seu leito c'a mirande satisfaición; é o sacrificio perenne, o sacrificio sin intrés que goza c'as molestias que lle producimos. A Patrea é nosa segunda nai, a úneca que con ista garda íntima relación. I-e

que vemos n'ela o berce dos nosos pais, o e forzo dos nosos antepasados. Porque a Patrea asoméllase moito ó paternal fogar. E así como nos lembramos, xa feitos homes, dos máis salientes episodios da nosa vida infantil, así tamén vemos na historia da Patrea o lugar onde os nosos abós souperon vivir e morreron con dinidade, defendendo con esforzo os seus dereitos, e levando suas arelas ás meirandes realidades.

¡Nai e Patrea! subrime paralelo sin o que non eisistiría o fogar. Ambas as dúas son dúas matronas que enchen c'a sua tenrura e protección os recunchos do mundo, sendo a unha o mundo interior feito carne e sendo a outra o mundo exterior feito espírito.

Nós hemos querer decote á nosa Nai e á nosa Patrea, sin odiar nunca ás nais e ás patreas de noso semellante.

A patrea está na escola, que é xermen de progreso e d'esperanza; a Patrea está no libro que é o primeiro divulgador da cultura e a mellor fonte de consolo; mais onde está a Patrea más firmemente vinculada é no pleno coñecimento da liberdade e do derecho.

Defendamos, pois, estos principios, que onde non hay liberdade non hay patrea, onde non hay xusticia tampouco eisiste; porque, ¡triste e decil-o! soien ás veces na vida, ou por razóns caprichosas do destino, ou outras trafeadas do azar, trocarse en madrastras as que por lei humán ou divina lles cadra a doce e subrime misión de nai.

J. Veiga Roel

Betanzos.

A todolos xornaes galegos en xeral, e d'un xeito particular a aqueles que s'edicm a laborar pola defensa da liberización d'a Terra mandámcslle o máis garimoso saúdo.

E ós mñito queridos Cabanillas, Quintanilla e R. Villar Ponte, que hoxe honoran iste boletín c'a sua naliosa colaboración, unha forte aperti pol-as suas verhas reais e aloumiñadoras, que atinaxiron noso curaón anteigñando o fondo agradecemento.

AS FESTAS DE SAN ROQUE

A Comisión organizadora dos festexos que desde fai tantos anos veñen celebrándose en honore a San Roque, rematóxa a confección do programa dos mesmos, que, como pode verse, revistirán iste ano pompa inusitada.

Damos á lus, con gusto, un estrauto da nota donde os mesmos se insertan e que, a este fin, a nomeada Xunta nos facilita.

Comenzarán o día 14, según é tradicional, c'unha salva de bombas ás nove da mañá, que anunciará a

chegada, a estación da Madalena, da brillante banda do Reximiento de Infantería, n.º 54, á que se dispensará un garimoso recebimento. Inmediatamente passará a saudar ás autoridades e recorrerá as rúas da cibdá executando alegres paso-dobres.

De doce a duas, terá lugar un animado paseo de moda na Alameda, no que a dita banda dará a conozer notabres composicións do seu vasto repertorio.

As cinco da tarde, chegará ó Ponte Novo o laudeado i-enxebre coro galego «Cántigas da Terra» da Cruña, ó que se dispensará entusiasta acollida polo pobo comisión i-autoridás.

Inmediatamente comenzará na Alameda un artístico festival galego, cooperando a celebración do mesmo, a mentada banda.

De des a doce, paseo nos Cantós amenizado pola banda dita, dándose por rematados os festexos d'iste día c'unha salva de bombas.

O comenza dos festexos do día 15, anunciaránse c'unha salva de estouantes bombas ás oito de mañá; seguidamente, recorrerá os rúas unha vistosa comitiva formada polos «mómaros», danzas gremiás, gaitas da terra e a banda militar.

Ás doce repitiráse o elegante paseio matinal d'a xornada anterior.

As tres, verificaráse o recibimento do Ilmo Bispo de Lugo Rvd. P. Prácido de Lemus, groria do episodio hispano e un dos valores más outos da terra.

As sete, sairá da capela do Santo a solemne e tradicional procesión, á que iste ano asistirá revestido de Pontifical o nomeado Bispo.

De des a unha da noite, terá lugar a gran velada de anos anteriores en que se bota o típico grobo «mediano». Queimaránse, mentres dura iste festival, varias pezas de fogo de praza e gran cantidad do de aire. Unha salva de bombas anunciará o remate d'iste número de festexos.

O 16, ás oito da mañá, volverán a ser despertados os veciños pola algueireira diana que entoará a colectividat militar que dirixe o notabre maestro siñor Lodeiro. As des, comenza a feira en que tantas mercas soen facerse. As once, a comisión popular, a autoridás e concello en corporación, acompañados pola banda, gaitas e danzas de labradores e mariñeiros, dirixiránse a capela de San Roque, para ouvir a solemne misa votiva, pronunciando n'ela o panexírico do santo peligrín o elocuente Bispo franciscano.

A unha, daráse no local da Cociña Económica unha suculenta comida os probes,

Terá lugar ás cinco e media do serán d'este día, a colocación da primeira pedra da rúa de Ana González, que construye as suas expensas o filántropo birgantino D. Gonzalo González.

As seis e media, haberá na praza dos Irmás García Naveira (antes Arines) as adivirtidas «cucañas» en que figura o famoso «pau da merenda» e outra varias que constituyen a groria dos rapaces.

De sete a nové, paseo nos Cantós, amenizado pola agrupación militar eisposta.

De dez a unha, verificaráse a gran velada tradicional durante a que luce tan fantástica iluminación a fermosa praza do Campo.

Elevaránse como é costume o grobo «grande» e ó final da sesión de pirotecnia e de lucería de praza queimaránse a conocida «fronteira».

No dazasete haberá diana ás oito, e as des serán inaugurados doux altares no iglesia de San Francisco. As catro da tarde realizaránse un solemne reparto de premios entr'os alumnos das escolas «García Hermaos.»

As sete organizaráse unha manifestación infantil que pouñerá froles na tumba do ilustre benefactor do povo D. Xesús G. Naveira, e ofrendará así mesmo ramos d'istas na sua casa ó irmao D. Johan. A tan simpático acto concurrirán ademais d'os meniño que reciben educación e manteñanza no estabreimento que sostén a humanitaria fundazón d'os mesmos, todolos rapaces das escolas do distrito.

As oito, a laurada e veterana agrupazón ferrolana de instrumentos de corda «Airiños da miña terra» e a banda militar darán un interesante concerto na Alameda. O remate d'ista festa, os simpáticos e chuscos dialogueiros Charlón i-Hermida, representarán algunas das suas xocosas paroladas.

As ónce, comenzará o baile que ja popularé sociedade «Liceo Recreativo» dá nos seus elegantes salóns en agasallo ós forasteiros. Será un baile que faga época, posto que a directiva d'iste antigo centro está imprimindo á mayor actividade as importantes e costosas obras que alí están levándose a cabo, c'o auxento de que cadre a data da inauguración co-a do baile que fai tantas anos ven celebrándose.

O 18, sairán, pola mañá, recorrendo as rúas, as bandas municipal e militar e gaitas, convocando á xente pra que concurra a tirbutar o recebimento de que son merecentes os excursionistas de Lugo que chegarán ás des. Dispararánse a entrada d'istes no pobo gran contidade de atroadores morteiros.

Según e costumé, terá lugar iste día a incomparable excursión fluvial polo paradisiaco Mandeo. Haberá os consabidos bailes, trouleadas e merendas no poético campo d'os Caneiros, e á volta, gran batalla de frolos e serpentinas e serenata marítima, que executarán as duas bandas. O Ponte Vello estará iluminado tan fermosamente como en anos anteriores.

O día 19, haberá cucañas marítimas e carreiras de parrulos no canal do Peirao, ás cinco.

Para ás seis e media, téñese proyectada a celebración d'unha gran «jinkana» ciclista na eispranada do ensanche.

Romatarán os festexos d'ista etapa con unha gran verbena n'a Alameda que comenzará ás nove d'a noite.

O día 20, verificarán, ás duas, a rifa da «cuxa» que a xunta de festexos celebra c'o fin de achegar recursos prás festas.

De noite, repetiráse a verbena do víspera.

O 25, terán de celebrarse os Caneiros chamados de San Paio, e, con tal motivo, volverá a haber xira polo Mandeo.

Como pode verse, hai moita variedade nos números que forman o programa d'iste ano, i-entre eles algúns moi simpáticos. Prometen, o parcer, resultar locos. A comisión organizadora xestiona das compañías ferroviarias a formazón de trés especias a fin de dar facilidades ós forasteiros e para que a afluencia d'istes sexa grande.

A nosa embora.

D'IRLANDA

A nosa nazón irmá sigue loitando pola sua esperada libertade. O seus fillos denotan decote o temple da sua i-alma que os leva a soportar os meirandes saqueos e fainos ficar sereios sin arredarse das suas ideias diante a morte mais afrentosa.

Todolos nosos leitores saben, polos xornais: a loita inmensa a que se baten a cotío, e nós excusamos de faguer ningunha información xa sabida. Emporiso, pensamos publicar d'hoje en vante algún artigo que nos manden da Inglaterra, informándonos d'algumas rejas virtudes dos celtas irmaos do Norte.

Na primeira publicación que nos faguemos de «Rexurdimento», temos de decirlle á nazón irlandesa: Adiante!

LIBROS E REVISTAS

«AURORA DE LIMA». O 25 do que finou onte, ou seja o Día de Galiza, publicouse en Viana do Castelo un número extraordinario da notabre revista «Aurora de Lima» na que colaboran brillantes escritores galegos. Cada día é maior o entusiasmo e intrés que nasos irmáns d'alén Miño sinten polos nosos problemas i-as nosas loitas. Alborexa xa o dia en que podemos cinguilos en forte abrazo.

«A NOSA TERRA». Iste querido xornal publicou no día de Santiago un ademirabre número extraordinario, dino das gabanzas más cumpridas. Polo bon acerto que tiveron na sua confección, felicitamos, cheios de ledicia, ós que compoñen a redacción do dito boletín, e aproveitamos a ocasión da saída primeira de «Rexurdimento» pra manifestarles o agarimo que lles temo.

ANAGRAMA

Por C. P.

FLOR DE NEILA

Combinar as letras d'ista frase pra que resulte o nome d'unha simpática señorita do localidade.

En crespós, marrocains, lás, sedas, fulares, nansús e demais novedades pra señora. E a casa que presenta millor surtido. En pañería derroche en lenzos e xéneros brancos.

LA VERDAD
e paniños, todolos días dibuxos novos. Verdadeiro derroche en lenzos e xéneros brancos.

SALDO DE RETALES E XÉNEROS DE PUNTO

PRECIO FIJO

VALDONCEL, 2

**PAQUETERÍA, QUINCALLA
EL GATO NEGRO
~~ PRECIO FIJO ~~**

Viuda e fillos de Valerio Núñez

Casa especial pra ouxetos d'adorno e fantasia.
Louza e bateiría de cocña.
Vidrio cha e oco. Pinturas e barnices.
Venda eiscrusiva da KROMINA.
Venda eiscrusiva dos cementos marca «ANCORA»
dos fillos de Rezola de San Sebastián.
Materias de construzón.
RUATRAVEZA, 35 E 37. TELÉFONO, 15
BETANZOS
Antigua casa establecida no ano 1879.



**ZAPATERIA
DO CANTON**

A que más surtido ten.
A que más barato vende.
Compre vostede ali.

JOSE IGLESIAS MASDIAS
MERCEAIRÍA, PAPELEIRÍA E QUINCALLA
Praza da Constitución, 2.

FERRETERÍA

Ferramentas, Ferraxes e Puntas. — Gran surtido en
bateiría de cocña.
Non merquedes denantes de visitar esta casa.
Ferreiros, 19.—BETANZOS.

H. COMERCIO

Ramón G. Pernas
(SUCESOR DE JOHAN LOPES)
Praza d'Arines.—BETANZOS

É a millor, máis céntrica i-ecómeca da cidade. Vi-
sítela os señores viaxeiros e convenceránse.

Si queredes mercar barato visitade o novo
establecimento de

PANOS, TECIDOS E NOVEDADES

— DE —

R. MONTES

Ruatravesa, 2, esquina ós Prateiros, — BETANZOS

PRECIOS FIXOS

“HIJOS DE A. NUÑEZ”

CASA FUNDADA EN 1871.
Almacés de tecidos e móbiles
Sánchez Bregua, 2 e 13
Librería, Papelería, Paquetería e Quincalla
Plaza d'Arines, 32.

~~ **BANCA** ~~

Compra-venda de valores, xiros, órdes telegráficas e
toda crás d'operaciones bancarias.

**FARMACIA E LABORATORIO
DOCTÓR COUCEIRO**

Plateiros, 8 (Frente á Ruatraviesa)
BETANZOS

JOSE FERREIRA

MENDES NÚÑES, 17
Tecidos nacionaes i-estranxeiros.—Paquetería e
Quincalla.—Gran surtido en paraugusas.—Por fin de
temporada sáldanse etaminas, crespós, sedas e toda
crás d'artigos de vran.
Visiten esta casa e mercarán a precios baratisimos.

TECIDOS, PANOS, NOVEDADAS

MANOLO LOUSA DÍAZ
8, CONSTITUCIÓN, 8

Compreto surtido en panas pra traxes, panas, lás,
estameñas, xéneros brancos, mantós, merinos crespós,
chales, colchas, cortes pra colchós, paraugusas, etc.

E a casa que mais barato vende.

8. CONSTITUCIÓN, 8
TECIDOS, PANOS, NOVEDADAS

GRAN CASA PRA VIAXEIROS

— DE —
JOSÉ BARREIRO REY
Monxas, 4-A. Teléfono n.º 44
BETANZOS

CONFITERÍA

— DE —
Constantino Rábade

SOPORTÁS DO CAMPO

Dulces finos

Fanse toda crás d'encárregos.

Imprenta de M. Villuendas, Valdoncel, 50